



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia contemporánea universal

Materia	Historia contemporánea universal			
Código	002G251V01403			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Juana López, Jesús de			
Profesorado	Juana López, Jesús de			
Correo-e	jjuana@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Humanidade ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica, con especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado
C20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada
C22	Coñecemento da historia universal
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	A1	C14 C22
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	B2	D1
Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada		C20
Elaboración de traballos básicos e de iniciación		D1 D3 D4 D8 D11

## Contidos

Tema
------

1. A era das revolucións. Capitalismo e imperialismo.	1.1. As transformacións económicas: formación do capitalismo 1.2. As transformacións políticas. O modelo liberal. 1.3. As transformacións sociais. Sociedade de clases e movemento obreiro 1.4. A expansión colonial e o imperialismo. 1.5. Os grandes Estados europeos no século XIX. China e Xapón.
2. As grandes tensións da primeira metade do século XX.	2.1. As relacións internacionais ata 1914. A Primeira Guerra Mundial 2.2. Socialismo, Democracia e Totalitarismo. 2.3. Economía e sociedade na etapa de entreguerras. 2.4. As grandes potencias europeas. O mundo extraeuropeo. 2.5. As relacións internacionais no período de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos de aula	5	5	10
Traballos tutelados	10	20	30
Sesión maxistral	22	45	67
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	22.5	25.5
Probas de resposta curta	1	7.5	8.5
Outras	0	0	0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	Sesións dirixidas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo. Dentro deste apartado contemplase a "Atención Personalizada" para a docencia non presencial.
Traballos de aula	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos.
Traballos tutelados	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recusos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).
Traballos de aula	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recusos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, seguimento do proceso de elaboración dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recusos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias. Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	5	B2 C20 D1
Traballos tutelados	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación	25	D1 D3 D4 D8 D11
Sesión maxistral	Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de dúas probas de avaliación correspondentes, cadansúa, a cada un dos dous grandes temas-bloque do programa e que incluírán tanto probas de resposta curta como longa ou de desenvolvemento e comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos.  Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	60	A1 B2 C14 D1 C20 C22
Outras	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación de tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Para o seu control é imprescindible que o alumnado estea dado de alta e teña cubertos os seus datos de perfil no curso virtual da materia (Moodle) antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre.  Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	10	C14

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua examínanse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico que implique o manexo dunha fonte histórica propia da materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo práctico o 30%.

### Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA BRIGGS, A. e CALVIN, P., Historia Contemporánea de Europa, 1789-1989, Barcelona, Crítica, 2004.  
CASASSAS, J. (coord.), La construcción del presente. El mundo desde 1848 hasta nuestros días, Barcelona, Ariel, 2005.  
GINER, S. Historia del pensamiento social, Barcelona, Ariel, 2008. GRUPO GÁNDARA, Cadernos de Historia do Mundo Contemporáneo, Vigo, Ed. Xerais, 1994-97. HOBBSAWM, E., Historia del Siglo XX. 1914-1991, Barcelona, Crítica, 2008.  
JUANA, J. de e PRADA, J., Historia do Mundo Contemporáneo(1870-1945), Vigo, Ser. Pub. Universidade de Vigo, 2002.  
MORALES LEZCANO, V. e de la TORRE GÓMEZ, H. (coords.), Historia Universal Contemporánea, Madrid, CEURA, 1997. NERÉ, J. (dir), Historia Contemporánea, Barcelona. Labor, varias eds. PALACIOS BAÑUELOS, J. L., Manual de Historia Contemporánea Universal, Madrid, Dilex, 2006, 2t. PALMER, R. e COLTON, J., Historia Contemporánea, Madrid. Akal (varias eds.). PAREDES, J., (Coord.), Historia Universal Contemporánea, Madrid, Ariel, 1999, 2 t. VILLARES, R., e BAHAMONDE, A., El Mundo Contemporáneo. Siglos XIX-XX, Madrid, Taurus, 2001. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA Remítense aos manuais citados na bibliografía básica para a listaxe de bibliografía temática actualizada.

### Recomendacións

### **Outros comentarios**

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

---